



CONCURSO DE IDEAS DE CREACION 3D TADEGA

BASES DA CONVOCATORIA

A Asociación Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega (TADEGA), convoca o I Concurso de Ideas de creación 3D "Faino ti".

1 Obxectivo.- Promover a renovación dos métodos de traballo que se utilizan actualmente nas aulas. Para iso, TADEGA fomentará os proxectos educativos que impulsen a innovación e para implantalo que sexa necesaria a utilización da Impresión 3D

2 Participantes.- Poderá participar no concurso calquera centro escolar de Educación Infantil e Primaria de Galicia

3 Condicións de presentación dos proxectos.

- Os centros participantes deberán cubrir correctamente o formulario, ao que se poderá engadir, de forma voluntaria, outra información complementaria. Só se admitirán proxectos enviados por este medio:

<http://tadega.net/formulario3D>

No formulario haberá que adxuntar un arquivo (documentos de Word, pdf, etc) cos datos do Centro e a idea do proxecto a construír, e deberá ter unha ligazón a un vídeo ou presentación que recolla a esencia do proxecto e que estea deseñado polo centro educativo participante. Os proxectos ganadores realizaranse durante o curso 2015-2016.

O 30 de maio de 2016, os centros ganadores deberán estar en condicións de presentar, polo menos, unha primeira avaliación de resultados ou memoria.

4 Idioma.-Os proxectos poderán ser presentados en castelán ou en galego indistintamente.

5 Comité de selección dos proxectos.

Para as distintas fases de selección dos proxectos, a organización do concurso valorará os traballos con arranxo aos criterios expostos no punto 6 das presentes bases. De entre todos os proxectos, e en función da documentación aportada, o Comité seleccionará un único proxecto ganador que se anunciará no IV CONGRESO TADEGA a celebrar en Vigo





6 Criterios de valoración

O comité de selección terá en conta os seguintes criterios para seleccionar os proxectos finalistas:

O efecto do proxecto e o seu implantación sobre o proceso de aprendizaxe dos alumnos, a inclusión educativa e a resposta a atrancos reais de persoas con diversidade funcional.

O papel activo dos alumnos do centro no deseño e implementación do proxecto.

A creatividade e innovación que supoña a idea a desenvolver.

A posibilidade de réplica do proxecto en contornas educativas distintos ao do centro participante.

7 Presentación e defensa dos proxectos finalistas

Os proxectos preseleccionados serán convocados á sesión final de presentación e defensa dos proxectos. O obxectivo será trasladar ao comité de selección e ao resto dos presentes o axuste do proxecto aos criterios de selección do concurso; o calendario e fases de implementación do proxecto durante o curso 2015-2016; a necesidade dos recursos solicitados e a distribución que se suscita facer destes entre as distintas necesidades (equipamiento, software, formación, etc.); a innovación pedagóxica que se alcanza coa execución do proxecto; aportar ademais, a documentación complementaria do proxecto que poida requirir o comité.

O comité terá en conta, para a selección final, a calidade do contido da presentación, e elixirá o proxecto gañador tras unha deliberación, ao finalizar a xornada de presentacións e defensa de proxectos.

O fallo do comité será inapelable; publicarase trala sesión de presentación e defensa dos proxectos. O fallo publicarase ademais na páxina web de TADEGA

8 Calendario do Concurso

- Inscripción de Proxectos: Do 1 setembro ao 5 de decembro de 2015, a través do formulario en liña dispoñible na páxina web: <http://tadega.net/formulario3D>
- Publicación de Proxectos Finalistas: 28 de novembro de 2015, a través da páxina web www.tadega.net
- Defensa de Proxectos Preseleccionados: O 11 de Decembro, dentro do IV Congreso TADEGA 2015 que se celebrará en Vigo.

9 Premios.

TADEGA prevé un único premio consistente na cesión durante un curso escolar dunha impresora 3D do Servizo de Préstamo de TADEGA para levar a práctica a idea 3D proposta no proxecto.

10 Aceptación.- Os concursantes, polo feito de participar, aceptan as presentes Bases, así como as decisións relativas á interpretación ou resolución de cuestións non recolleitas nelas. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserto o mesmo si os proxectos presentados non se atañen ás normas establecidas ou non alcanzan a calidade necesaria.

